



# Programa de verán 2022

## Rede Museística Provincial de Lugo



## Museo Provincial do Mar

No Museo do Mar imos largar a nosa Rede para recollela chea de tradicións e cultura mariñeira, de sostibilidade e coidado do medio mariño, de coñecementos da diversidade que os nosos océanos agochan, de vivencias e experiencias xuntxs, e de moita diversión. Anímate e déixate atrapar pola rede do Mar.

### • ANOAR

Para amarrar o barco, para unir dous cabos, para levantar cargas ou izar a unha persoa que caeu á auga precisamos saber facer nós, así que mansa os cabos e a anoar.

Datas: 13 e 14 de xullo.

Horario: de 11:30 a 13:30 h.

Idades: 4 a 14 anos.

Prazas: 10.

### • XORNADA DE PESCA SOSTIBLE

A pesca é dende fai séculos unha das máis importantes actividades económicas da humanidade.

Pero os recursos do mar non son infinitos é a nosa obriga salvagardalos, promovendo unha pesca sostible, utilizando as artes de pesca menos agresivas co medio mariño e respectando as vedas.

Datas: 20 e 21 de xullo.

Horario: de 11:30 a 13:30 h.

Idades: 4 a 14 anos.

Prazas: 10.

### • DIVERSIDADE MARIÑA

As augas dos nosos océanos poden ser tropicais, temperás, xeadas, ... e nelas viven cetáceos, crustáceos, peixes, moluscos, equinodermos, esponxas, algas, corais, ...

Sodes quen de imaxinar maior diversidade? Imos indagar onde e con quen convive cada quen.

Datas: 27 e 28 de xullo.

Horario: de 11:30 a 13:30 h.

Idades: 4 a 14 anos.

Prazas: 10.

### • AMADRIÑANDO Á REDE: o compromiso de nacer cun museo baixo o brazo

Datas: A partir do 1 de agosto

### • FACEDORXS DE BARCOS

Que madeiras se usaban na construción dos barcos?. Cales son as partes máis importantes dun barco?. Todos os paus teñen o mesmo nome?. Son todas as velas iguais?

Por un anaco converterémonos en carpinteirxs de ribeira para que esa fonda tradición mariñeira e mariñá non caia no esquecemento.

Datas: 3 e 4 de agosto.

Horario: de 11:30 a 13:30 h.

Idades: 4 a 14 anos.

Prazas: 10.

### • A LENDA DE MARUXAINA

Sabedes quen é Maruxaina? Sabedes onde vive e a que se adica? A ver si somos quen de quitarvos de todas esas dúbidas.

Datas: 10 e 11 de agosto.

Horario: de 11:30 a 13:30 h.

Idades: 4 a 14 anos.

Prazas: 10.

### • ARTE CON LIXO MARIÑO

Logo de adicarnos a recoller os restos que o mar deposita nas praias e tamén o lixo que alí deixamos abandonado, recoverterémolo en arte que nos servirá para concienciar da importancia de conservar o mar e de reciclar o lixo que nel tiramos.

Datas: 17 e 18 de agosto.

Horario: de 11:30 a 13:30 h.

Idades: 4 a 14 anos.

Prazas: 10.

### • ATA O ANO VERÁN

No último obradoiro deste verán 2022, faremos unha especial cápsula do tempo na que recolleremos algunhas das nosas lembranzas destas datas e que gardaremos para que as nosas vivencias e experiencias non caian no esquecemento.

Datan: 24 e 25 de agosto.

Horario: de 11:30 a 13:30 h.

Idades: 4 a 14 anos.

Prazas: 10.

### • PROGRAMA ONDE NACEN ÁS HISTORIAS.

Trátase dunha programación multiartística para a infancia e a adolescencia, composta por 5 xornadas con múltiples obradoiros de diferentes disciplinas artísticas e artistas locais, integrando todas as artes dun xeito transversal cunha perspectiva feminista, multicultural, LGTB+ e inclusiva.

Historia en imaxes; Imaxinación á mesa; O legado das palabra; Redes de escritura; A maxia das raíces; Teatro para todes; Un fogar para todes; Lendas da Terra

Datas: do 26 ao 30 de xullo.

Horario: De 11:00 a 14:00 h.

Prazas: 20.

### • (RE) CONEXIÓN

Deixando de lado os obradoiros máis técnicos e usando así as xornadas para levar a cabo a gravación audiovisual, sendo esta a escusa para a reconexión interxeracional, que é o propósito esencial deste proxecto.

Co material gravado, 6-8 historias de bibliotecas vivas ao longo da provincia, montaríase unha peza final de 12-15 minutos que sería a que se proxectaría nalgunha estancia da Rede Museística.

Datas: 28 e 29 de agosto

Idades: Interxeracional.

Prazas: 6

### • Parladoiros cos e coas benfeitoras dos Museos: Jose de Cora Paradela

